
BASES DO SORTEO PARA A CAMPAÑA DE PROMOCIÓN POLO NADAL “GRAN ESCAPARATE DE AGASALLOS”

- A campaña de promoción “Gran Escaparate de Agasallos desenvolverase entre os **días 16 e 29 de decembro do 2019**, ambos incluídos.
- Para participar, haberá que mercar nalgún dos establecementos adheridos a esta campaña e cubrir as papeletas que se entregarán coa compra.
- A papeleta, depositarase en calquera dos establecementos onde se faga a compra, cubríndoo cun nome e un teléfono de contacto, con letra clara e visible, e **acompañado do seu xustificante de gasto proporcionado polo propio establecemento**.
- Achegarase una soa papeleta por cada xustificante de gasto. **Non se admitirán as papeletas que veñan sen o seu xustificante de gasto**.
- O premio do sorteo consiste nun **“Gran Escaparate de Agasallos valorado en máis de 2000€”**. Nos vales terán que respectarse as condicións e datas de caducidade. En ningún caso os premios poderán ser trocados por outros, nin polo seu valor en efectivo.
- As papeletas recolleranse a partir do día 30 de decembro e **o sorteo público realizarase o sábado día 4 de xaneiro ás 20h** entre todas as papeletas que cumpran as bases.
- O sorteo terá **unha soa persoa gañadora de todo o escaparate** e sacaranse tres papeletas. A primeira delas será a da persoa gañadora, e as outras dúas serán 1ª e 2ª suplente.
- Porémonos en contacto coa persoa gañadora a través do teléfono facilitado na papeleta, ademais de publicarse na páxina web e RR.SS. da Asociación, e terá quince días para recoller o premio.
- Non poderán participar as persoas titulares/responsables dos establecementos adheridos, nin as persoas traballadoras nos mesmos e os familiares directos de ambos.
- Non poderán participar as persoas menores de 18 anos.
- **DECEMBRO 2019**